

INFORME DE CONXUNTURA SOCIOECONÓMICA

IV / 2025

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE (COORD.)

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA

PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

SANTIAGO LAGO PEÑAS

ASPECTOS SALIENTABLES

1. A economía galega e española seguen a caracterizarse polo seu maior dinamismo en comparación coa media europea e a dos países da zona euro. En relación ao trimestre anterior, o PIB galego medra un 0,5% fronte ao 0,6% de España e o 0,4% da media europea. En termos interanuais, o PIB medra en Galicia un 2,2%, seis décimas por baixada media española, e seis por riba do conxunto da Unión Europea no 1,6%.

2. No último trimestre persiste a ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica de Galicia, con achegas positivas tanto da demanda interna como externa, o que contrasta co estimado en España ou na UE, onde a demanda externa detrae décimas ao crecemento do PIB. En concreto, a demanda interna achega de 1,9 puntos fronte ás tres décimas no caso da demanda externa, o que contrasta coa economía española onde a demanda interna contribúe con 3,8 puntos mentres que a demanda externa detrae un punto. O cadro macroeconómico galego reflicte que o investimento mantense coma a compoñente con maior crecemento (4,8%) e o gasto público presenta un maior dinamismo que o consumo privado (3% e 1,2%, respectivamente). No último trimestre todos os compoñentes da demanda, agás o gasto das administracións públicas, presentan en España un mellor comportamento.

3. No que atinxe á demanda externa, as exportacións increméntanse un 2,1%, cinco décimas por riba do estimado para as

importacións (1,6%). Atendendo ás relacións con terceiros países, Francia, Portugal e Italia mantéñense como os principais destinos das vendas galegas ao exterior ao acoller o 39,8% do valor total, o que supón case dous puntos menos que no ano anterior (o mercado europeo concentra o 82,5% das exportacións galegas), mentres que Portugal e China concentran o 23,3% das importacións. En terceiro lugar aparece Estados Unidos. O 57,6% do valor total das vendas galegas ao exterior corresponden a produtos industriais e tecnoloxías fronte ao 27,7% dos bens de consumo, mentres que no conxunto de España os produtos industriais e tecnolóxicos concentran o 67% e os bens de consumo un 13%.

4. Dende o punto de vista da oferta, a construción é o sector de maior crecemento en Galicia, cun 7,6%, fronte ao 3,3% da industria e o 2,1% do sector servizos, o que contrasta coa contracción do 0,4% experimentada no sector primario. O maior dinamismo da economía española explícase fundamentalmente pola mellor evolución do sector servizos, cunha medra interanual do 3,1%, presentando o resto dos grandes sectores un peor comportamento. En particular, o sector primario contráese un 2,1% no conxunto do Estado.

5. O incremento do 5,5% do PIB nominal a prezos correntes no segundo trimestre de 2025 tradúcese nun crecemento do 5,8% na remuneración dos asalariados e do 4,8% do Excedente Bruto de Explotación/Renda Mixta Bruta. Así, a participa-

ción da RA na renda descende no último ano ata o 44,1%, unha décima superior á estimada no mesmo período do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB se sitúa no 46,3% (46,6% no ano precedente). Comparado co acontecido no conxunto do Estado, cómpre salientar dúas diferenzas. En primeiro lugar, a remuneración de asalariados en España sitúase ao longo dos últimos anos por riba do peso relativo do EBE; e en segundo lugar, o peso relativo da Remuneración de asalariados en España mantén unha tendencia alcista, acadando no terceiro trimestre de 2025 o 48,6% do PIB fronte ao 41,4% no caso do Excedente bruto.

6. A pesar da lixeira ralentización do ritmo de crecemento da actividade económica, o mercado de traballo galego mantén a súa tendencia global positiva. En termos agregados mellora lixeiramente a participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego), salientando ademais o descenso da taxa de paro. Asemade, mellora a calidade do emprego atendendo á redución da temporalidade. Con todo, estes datos teñen de ser matizados novamente tendo en conta tanto que Galicia se mantén entre as CC.AA. cun dinamismo na creación de emprego menor que o conxunto de España.

7. Tras o devandito incremento do PIB galego nun 2,2%, un punto menos que no ano precedente, os catro indicadores da ocupación considerados, manteñen taxas de crecemento iguais ou superiores ás rexistradas na mesma data de 2024. Dun-

ha banda, as afiliacións aumentan un 1,8% e a poboación ocupada un 1,7%, o que supón tres décimas máis que no terceiro trimestre do ano anterior. Doutra banda, as contas económicas reflicten que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medran un 1,4%, mesma porcentaxe que no ano precedente; mentres que o número de horas traballadas o fixo nun 1% (0,8% en 2024).

8. O crecemento da poboación activa no terceiro trimestre do ano (0,8%) ven explicada polo comportamento das mulleres, con 19.800 persoas activas máis que no mesmo período do ano precedente (3,2%), o que contrasta co descenso en 9.600 persoas no caso dos homes (-1,5%). Asemade, este incremento da poboación activa prodúcese entre as persoas de nacionalidade estranxeira, cunha medra interanual do 3,2% (19.800 mulleres máis), permanecendo constante no caso da poboación española; destacando así mesmo, o incremento do número de activos entre aquelas persoas con estudos da ESO segunda etapa rematados (5,7%), persoas maiores de 55 anos (3,1%) e entre as que teñen de 25 a 34 anos (3,5%).

9. Segundo os datos recollidos na EPA, o balance global positivo do mercado laboral galego viría determinado polo feito de que todo o emprego creado é emprego indefinido, manténdose Galicia entre as CC.AA. con menor taxa de temporalidade. A creación de emprego ven motivado tan só polo comportamento do sector servizos, reducíndose a ocupación nos outros tres grandes sectores, especialmente

no ámbito da construción. No que ao desemprego se refire, a taxa de paro descende ata o 8%, sendo as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudos primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego a pesar da

súa redución. Asemade, cómpre mencionar o significativo descenso das persoas que levan máis dun ano nesa situación (-14,8%).



CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:

- . Contas económicas.
- . Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso país, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X

Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Xaneiro 2026

I- ANÁLISE DE CONTAS

**CONTAS ECONÓMICAS NO III TRIMESTRE 2025.
PERSISTE A RALENTIZACIÓN NO RITMO DE CRECEMENTO DO PIB GALEGO.**

A economía galega e española seguen a presentar un maior dinamismo que o conxunto de países da UE e da zona euro. En termos anuais, o PIB medra en Galicia un 2,2%, seis décimas inferior á media española, e seis décimas por riba da media UE-27. En relación ao trimestre anterior o PIB galego medra un 0,5%, fronte a los 0,6% de España e o 0,4% de media na UE.

O crecemento galego segue a caracterizarse polo seu equilibrio, con achegas positivas tanto da demanda interna como externa, a diferenza do que acontece en España e na Unión Europea, onde o sector exterior detrae décimas ao crecemento do PIB. A demanda interna constitúe o motor de crecemento, cunha aportación de 1,9 puntos ao agregado do PIB fronte a 0,3 puntos no caso da demanda externa, o que contrasta coa economía española onde a demanda interna contribúe con 3,8 puntos, e a demanda externa detrae un punto. O cadro macroeconómico galego reflicte que o investimento sitúase coma a compoñente con maior crecemento (4,8%) aumentando tanto o consumo privado como en maior medida o gasto público (1,2% e 3%, respectivamente). No caso do sector exterior, as exportacións medran un 2,1% e as importacións un 1,6%. Cómpre mencionar que no último trimestre todos os compoñentes da demanda, agás o gasto das administracións públicas, presentan en España un mellor comportamento. Dende o lado da oferta, a evolución do PIB explícase polo crecemento do 7,6% estimado para o sector da construción fronte ao 3,3% da industria e o 2,1% do sector servizos, o que contrasta coa contracción do 0,4% experimentada no sector primario. O maior dinamismo da economía española explícase fundamentalmente pola mellor evolución do sector servizos, cunha medra interanual do 3,1%, presentando o resto dos grandes sectores un peor comportamento.

ACTIVIDADE ECONÓMICA

A economía do conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona

euro aumenta o seu ritmo de crecemento no terceiro trimestre de 2025 ao medrar un 0,4% e 0,3% respectivamente, cando no trimestre anterior,

esta medra fora do 0,3% e 0,1%. Con todo, cómpre mencionar que este incremento é unha décima inferior ao estimado no mesmo período do ano anterior. Entre as cinco grandes economías europeas, España segue a presentar o maior dinamismo, cunha medra do 0,6%, por diante de Francia e Países Baixos, cunha taxa de variación intertrimestral do 0,5% e 0,4%, respectivamente. Isto contrasta co mantemento do PIB en Alemaña, aumentando un 0,1% en Italia. Xunto a estes países, Portugal, o noso segundo socio comercial tras Francia, presenta unha medra do 0,8%.

En termos interanuais, a economía da Unión Europea e da conxunto da zona euro presentan no último trimestre unha medra do 1,6% e 1,4%, respectivamente, porcentaxes sig-

nificativamente superiores ás rexistradas no mesmo período do anterior (1,1% e 1%). Entre as grandes economías europeas tan só España volve a presentar un crecemento superior á media europea. A pesar da acusada ralentización do seu ritmo de crecemento, o PIB presenta unha medra interanual do 2,8%, o que supón oito décimas menos que no ano precedente, ascendendo ata o 1,4% en Países Baixos e o 0,9% en Francia (2% e 1,1% en 2024). O PIB en Italia medrou un 0,6%, mesma porcentaxe que no ano precedente, en tanto que en Alemaña a medra foi do 0,3%, o que contrasta coa contracción do 0,6%

O cadro macroeconómico publicado por Eurostat amosa que a demanda interna constitúe o motor de crece-

PIB e principais compoñentes da demanda na UE-27, zona euro e principais economías europeas III trimestre de 2025.

	Unión Europea	Zona Euro	Alemaña	Francia	Italia	España	Países Baixos
PIB	1,6	1,4	0,3	0,9	0,6	2,8	1,4
Gasto en consumo final	1,5	1,3	1,1	0,5	0,8	2,8	1,9
Gasto final das Administracións Públicas	1,8	1,7	1,7	1,7	0,4	1,7	2,9
Gasto final sector privado	1,3	1,1	0,9	-0,1	0,9	3,2	1,3
Investimento (Formación Bruta de capital)	3,4	3,3	3,6	3,2	0,0	8,0	-0,2
Investimento (Formación Bruta de capital fixo)	2,7	2,5	0,0	0,5	5,1	8,1	-0,1
Achega da demanda interna	1,8	1,7		1,1	0,6	3,8	
Exportacións bens e servizos	3,0	2,7	-0,1	3,5	2,7	3,3	1,6
Importacións bens e servizos	3,8	3,6	3,3	4,0	2,9	6,8	1,8
Achega demanda externa	-0,2	-0,3		-0,2	0,0	-1,0	


Fonte: Eurostat

mento da economía europea, cunha achega de 1,8 puntos porcentuais, fronte ao comportamento da demanda externa que detrae no último trimestre dúas décimas ao crecemento agregado do PIB. Entre os distintos compoñentes da demanda interna salienta o dinamismo do investimento, cunha medra interanual do 3,4% na UE, aumentando un 1,5% o gasto en consumo final, o que contrasta co

comportamento no mesmo período do ano anterior onde o investimento contráese nun 0,2% (o consumo final medra un 1,4%). Por contra, as importacións de bens e servizos medran un 3,8% fronte ao 3% no caso das exportacións.

Entre as principais economías de zona euro, o investimento é a compoñente que presenta un mellor dinamismo en Alemaña, Francia e Espa-

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2025. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE e INE

ña, aumentando un 8% en España e superando o 3% en Alemaña e Francia; destacando ademais España pola evolución do gasto en consumo final impulsado polo gasto privado (2,8% e 3,2%, respectivamente), e Países Baixos, onde o gasto en consumo final medra un 1,9% impulsado polo gasto público (2,9%). No que á demanda externa se refire, os datos de Eurostat amosan que as cinco grandes economías presentan unha medra das importacións superior ao das exportacións, destacando a medra das importacións do 6,8% en España ou e 4% en Francia; aumentando as vendas a terceiros países un 3,5% en Francia e un 3,3% en España Na eco-

nomía alemá, as importacións medraron un 3,3% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa contracción do 0,1% das exportacións.

No concernente á evolución da economía galega, o PIB segue a presentar un mellor comportamento que a Unión Europea, o conxunto de países da zona euro e os seus principais socios comerciais, aínda que se sitúa por baixo do rexistrado pola economía española. En concreto, no terceiro trimestre de 2025 Galicia rexistra un incremento interanual do 2,2%, seis décimas menos que no conxunto do Estado; sendo este crecemento do 0,5% en relación ao trimestre anterior (0,6% en España).

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España



Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

A economía galega caracterízase novamente por unha achega positiva tanto da demanda externa como da demanda interna, a diferenza do que acontece no conxunto da Unión Europea e nas principais economías da zona euro, onde a demanda externa detrae décimas ao crecemento do PIB. O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a demanda interna constitúe o principal motor de crecemento, cunha achega de 1,9 puntos ao crecemento agregado do PIB, en tanto que o sector exterior aporta tres

décimas.


Entre os compoñentes da demanda interna, na economía galega destaca, ao igual que acontece en España e nas principais economías da zona euro, o crecemento do investimento medido en termos da formación bruta de capital, cunha medra interanual do 3,2%, lonxe do 8% estimado na economía española. Doutra banda, o gasto en consumo final medra un 1,7%, impulsado polo comportamento do sector público, cun incremento interanual do 3% fronte ao 1,2% no

Cadro macroeconómico de Galicia 2023-2025. Taxas de variación interanual

	2023	2024	2024/I	2024/II	2024/III	% 2024/IV	2025/I	2025/II	2025/III
Produto Interior Bruto	2,4	2,8	2,3	3,0	3,2	2,8	2,9	2,6	2,2
Demanda									
Gasto en consumo final	4,2	2,7	3,9	1,8	2,5	2,8	1,5	2,5	1,7
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	4,0	1,6	2,7	0,6	1,6	1,7	1,1	2,5	1,2
AA. Públicas	4,9	5,8	7,1	5,3	5,0	5,9	2,6	2,4	3,0
Formación Bruta de Capital	-0,8	1,3	-0,2	-0,8	2,4	3,8	1,1	5,8	3,2
Achega demanda interna ao PIB	3,3	2,4	3,1	1,3	2,4	2,9	1,4	2,9	1,9
Exportacións	0,7	3,1	0,9	4,8	4,0	2,8	1,4	-1,5	2,1
Importacións	2,2	2,5	2,3	2,1	2,6	3,0	-1,2	-1,0	1,6
Achega demanda externa ao PIB	-0,9	0,4	-0,8	1,7	0,8	-0,1	1,5	-0,3	0,3
Oferta									
Sector primario	12,7	3,1	4,3	4,0	1,4	2,9	2,8	0,0	-0,4
Industria	4,9	3,3	4,4	4,3	5,1	-0,5	1,5	2,4	3,3
Industria manufactureira	5,8	4,5	5,4	2,3	5,5	4,7	3,7	5,0	3,2
Construción	3,4	4,8	2,9	4,9	4,5	6,8	5,5	6,5	7,6
Servizos	0,9	2,8	1,7	2,8	3,1	3,5	3,3	2,8	2,1
Comercio, transporte e hostalería	0,8	1,3	-1,0	0,6	1,4	4,1	3,1	2,6	1,3
Información e comunicacións	6,3	12,1	21,5	15,7	9,3	3,5	4,4	0,8	4,5
Actividades financeiras e de seguros	-5,6	0,2	-3,0	2,1	-3,2	5,0	6,3	1,7	4,3
Actividades inmobiliarias	0,2	3,3	2,3	2,0	3,7	5,4	3,5	4,6	2,9
Actividades profesionais	2,6	3,1	2,6	4,0	2,8	3,1	4,7	4,2	4,2
Administración pública, sanidade e educación	1,3	3,9	3,1	4,2	6,0	2,4	2,3	2,4	0,8
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,4	0,2	-0,4	0,0	0,4	0,8	1,3	1,4	1,8

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España no terceiro trimestre de 2025. Indicadores de demanda e oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, INE e Eurostat

sector privado. Fronte a este comportamento, no conxunto de España o gasto en consumo final, impulsado en maior medida polo consumo privado, presenta unha medra do 2,8%,

situándose este crecemento no 3,2% no caso dos fogares e no 1,7% no gasto público.


No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Ga-

lucia reflicte que no terceiro trimestre de 2025 a demanda externa contribúe positivamente ao crecemento agregado do PIB con tres décimas, como resultado dunha medra interanual do 2,1% das exportacións e do 1,6% no caso das importacións. A achega negativa da demanda externa na economía española ven motivado por unha medra das exportacións do 3,3% e do 6,8% no caso das importacións.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exporta-

cións galegas ata setembro de 2025 presenta unha medra interanual do 1,1%, fronte ao 3,4% experimentado no mesmo período do ano anterior. En termos nominais, as exportacións ascenderon a 23.083,4 millóns de euros, 240,2 millóns máis que en 2024. Esta medra ven motivada en boa medida polo comportamento experimentado polo sector de automóviles e motos, cun incremento do 9% (362,2 millóns máis); compoñentes de automóviles, que aumenta un 14,1% (98,3 millóns) e produtos químicos, que aumentan

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2011-2025. Datos acumulados ao III trimestre.



Fonte: ICEX

un 12,5% (131,7 millóns máis). Por contra, cómpre resaltar a caída das vendas de produtos enerxéticos nun 17,6% en relación ao ano anterior, o que supón 202,9 millóns menos, e das

vendas de metais non ferrosos nun 23,6% (158,1 millóns de euros menos). Tras esta evolución, as exportacións galegas correspondentes ao sector do automóbil e motos repre-

sentan o 22,5% do valor total, fronte ao 23,1% do sector téxtil-confección; e o 9,9% da pesca. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal mantense no 8% acadado no ano anterior, o valor máis elevado dende o ano 2011 (8,1%); sendo este peso relativo do 53% no caso da pesca ou do 37,3% no téxtil (14,2% no sector do automóbil).


Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 70% das exportacións, se ben é o valor máis reducido dos últimos seis anos (71,6% no ano 2024); dirixíndose ao resto do continente europeo un 12,5% das vendas exteriores. África do norte, tras un incremento interanual do 7,9%, mantense como a terceira área comercial ao acoller o 6,5% das exportacións galegas, catro décimas máis que no ano precedente. Comparado co ano anterior, cómpre mencionar en primeiro lugar a redución das exportacións cara a UE nun 1,2% (191,6 millóns menos), o que contrasta co incremento do 15,4% das exportacións dirixidas ao resto de Europa (378,1 millóns máis) impulsado polas vendas a Turquía, que medran un 27,7% (281,5 millóns de euros máis). As exportacións ao continente africano medran un 4,8% en relación ao mesmo período do ano precedente, e un 2,8% no que atinxe ao continente asiático, a diferenza do que acontece no caso das vendas aos países americanos

(-2,2%). Cómpre mencionar que as exportacións ao norte de África, medran un 7,9% (108,6 millóns de euros máis); e as vendas aos países de América do sur un 20,1% (98,5 millóns máis). Por contra, destaca o descenso nun 15,5% das vendas a América do norte (90,5 millóns de euros menos) nos nove primeiros meses do ano.

Francia, a pesar da redución do 6,7% do importe total das exportacións, mantense como principal destino das exportacións galegas ao acoller o 15,8% do total galego, o que supón case punto e medio menos que no mesmo período do ano precedente. A continuación sitúase Portugal, cuxo peso relativo ascende ata o 14% (13,9% no mesmo período do ano anterior), e Italia, cun 10%, medio punto por baixo do ano precedente. Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, situándose Turquía como sexto destino dos produtos galegos ao exterior, que tras unha medra do 27,7% concentra o 5,6% das exportacións galegas (4,4% en 2024); por diante do Reino Unido en sétimo lugar, ao acoller o 5,1% das exportacións (5% no ano precedente); e Marrocos na novena posición, cun 4,5%, mesmo nivel que no ano anterior.

O devandito descenso en Francia ven motivado pola acusada caída das exportacións de produtos enerxéticos (-81%; 247 millóns de euros menos) e de materiais de transporte (-20,7%; 104,2 millóns de euros máis). No extremo oposto, a evolución positiva

Exportacións galegas 2024-25. Principais países e sectores económicos. Datos acumulados ao terceiro trimestre.



das vendas exteriores a Turquía explícanse fundamentalmente polo incremento do valor das exportacións do subsector de automóbiles e motos nun 24% (180,9 millóns) e do sector de materiais de transporte (73,1%; 88,1 millóns de euros máis).

Por último, na análise da demanda externa cómpre facer referencia á base exportadora, é dicir, ao número de empresas que venden aos seus produtos fóra de España. De xaneiro a outubro de 2025 exportan regularmente en Galicia un total de 2.802 empresas, un 1,5% máis que no ano anterior, o que supón o 49,1% das empresas exportadoras (45,8% no conxunto do Estado). Estas empresas concentran o 97,4% do valor total das exportacións galegas, sendo esta porcentaxe do 96,1% en España.

A devandita concentración xeográfica

e sectorial apréciase tamén na base exportadora. Dunha banda, as cinco primeiras empresas exportadoras concentran en Galicia o 43,8% das exportacións galegas, ascendendo esta porcentaxe ata o 52,8% no caso das dez primeiras empresas (30,4% e 38,2% no ano anterior, respectivamente), sendo estes valores significativamente máis elevados que no conxunto de España (9,1% e 14,1%, respectivamente). Este nivel de concentración é lixeiramente superior ao rexistrado antes da crise orixinada pola pandemia (no conxunto do ano 2019 representan o 43,5% e 52,2%, respectivamente) aínda que inferior ao experimentado antes da crise económica e financeira de 2008 (as cinco primeiras empresas concentran o 47,9% das exportacións e as dez primeiras, o 53,9%).

AGREGADOS DA OFERTA

O crecemento do 2,2% do PIB galego no terceiro trimestre de 2025 ven explicado polo crecemento do 7,6% estimado para o sector da construción fronte ao 3,3% da industria e o 2,1% do sector servizos, o que contrasta coa contracción do 0,4% experimentada no sector primario. O maior dinamismo da economía española explícase fundamentalmente pola mellor evolución do sector servizos, cunha medra interanual do 3,1%, presentando o resto dos outros grandes sectores un peor comportamento.

Por cuarto trimestre consecutivo o sector da construción presenta a taxa de variación interanual máis elevada en Galicia, cunha medra do 7,6%, a máis elevada dende o derradeiro trimestre de 2022, fronte ao 6,9% en España. A industria no seu conxunto medra a un ritmo superior ao do conxunto do Estado, aumentando un 3,3% fronte ao 3% en España, ao igual que acontece coa industria manufacturera, que presenta un incremento do 3,2%, catro décimas por riba do experimentado no Estado (2,8%).

Por contra, o crecemento do valor engadido bruto xerado polo sector servizos situouse no 2,1%, o que significa un punto porcentual por baixo do estimado no conxunto de España. Entre as distintas ramas de actividade cómpre mencionar o incremento do 4,2% das


actividades profesionais e do 1,3% no caso do comercio, transporte e hostalería, o que contrasta cunha medra superior ao 5% no conxunto do Estado. Por contra, o conxunto de actividades artísticas e recreativas medran en Galicia a un ritmo superior ao estimado na economía española, cunha taxa de variación interanual do 1,8% e 0,6%, respectivamente.

No concernente ao sector primario, tanto a economía galega como en maior media a española presenta unha contracción do valor engadido xerado polo sector. En concreto, o descenso interanual da actividade agraria e pesqueira é do 0,4% en Galicia fronte ao 2,1% no conxunto do Estado.

No que á estrutura produtiva se refire cómpre resaltar que o subsector de comercio, transporte e hostalería concentra no terceiro trimestre de 2025 o 21,9% do veb galego, unha décima por baixo do estimado no ano anterior (21,7% no mesmo período de 2019). A importancia relativa da administración pública, sanidade e educación descende ata o 18,3%, o que supón un nivel lixeiramente inferior ao estimado no terceiro trimestre de 2019 (18,9%).

Asemade, cómpre mencionar que o peso da industria manufacturera mantense lixeiramente por riba do 13%, cando no mesmo período de 2008 representaba o 14,1%. A importancia re-

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

lativa do sector da construción aumenta ata o 7,4%, catro décimas máis que no ano precedente, porcentaxe que se sitúa lonxe do estimado en 2019 e sobre todo 2008 (7,9% e 12,3%, respecti-

vamente). Por último, o sector primario representa o 5% do valor engadido xerado pola economía galega, unha décima inferior ao estimado no ano anterior (5,3% en 2019).

A mencionada evolución no ritmo de crecemento da economía galega tradúcese nunha mellora da Remuneración de asalariados (RA) e do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB), se ben cunha intensidade desigual. As Contas trimestres de Galicia reflicten que o incremento do 5,5% do PIB nominal a prezos correntes no segundo trimestre de 2025 se traduce nun crecemento do 5,8% na remuneración dos asalariados, e do 4,8% do EBE/RMB (último dato dispoñible). Como consecuencia deste comportamento da RA, a súa participación na renda aumenta ata o 44,1%, unha décima superior á estimada no mesmo período do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB se sitúa no 46,3% (46,6% no ano precedente). Atendendo á evolución ao longo dos últimos trimestres, dende o terceiro trimestre de 2021 o peso relativo da RA no PIB é inferior ao do EBE/RMB.

Comparado co acontecido no conxunto do Estado cómpre salientar dúas diferenzas. En primeiro lugar, a remuneración de asalariados en España sitúase ao longo de toda a serie considerada por riba do peso relativo do excedente bruto de explotación. En segundo lugar, o peso relativo da remuneración de asalariados mantén unha tendencia alcista, acadando no terceiro trimestre de 2025 o 48,6% do PIB fronte ao 41,4% no caso do Excedente bruto de explotación.


Atendendo á distribución sectorial do peso da remuneración asalariado no valor engadido xerado, no segundo trimestre de 2025 (último dato publicado polo IGE) o peso máis elevado rexistrouse na administración pública, cun 78,9%, situándose no 60,8% no caso das actividades profesionais. O peso da remuneración de asalariados na industria manufacturera sitúase no 58,9%, fronte ao 51,3% no caso da construción e o 49,9% no conxunto do sector servizos. Por último, o peso relativo máis reducido acádase o sector primario, cun 20,2%.

• Indicadores derivados. Mercado de traballo

Vinculado ao mercado de traballo hai que facer referencia aos indicadores da produtividade aparente real e ao coste laboral unitario real (CLUR), recollidos nas contas económicas trimestrais de Galicia nos denominados indicadores derivados. A produtividade aparente defínese como o cociente entre o PIB e a ocupación, medida ben mediante o número de postos de traballo ben mediante o número de horas traballadas; mentres que o CLUR compara a remuneración por asalariado coa produtividade de traballo e os prezos, e se calcula dividindo a remuneración por asalariado entre a produtividade aparente nominal.

As contas económicas de Galicia re-

Evolución da distribución da renda no PIB. 2021-2025 (% do PIB)



Fonte: IGE

flicten que o dinamismo da actividade económica non se traslada ao mercado de traballo na mesma intensidade. Así, tras un incremento do PIB do 2,2% o número total de postos de traballo equivalente a tempo completo medra no terceiro trimestre de 2025 un 1,4% respecto ao ano anterior, porcentaxe similar á rexistrada no ano precedente, e o número total de postos de traballo un 0,9% fronte ao 1% en 2024. Da mesma maneira, o número de horas traballadas aumenta un 1% fronte o 0,8% estimado no ano anterior. Por

contra, o mercado de traballo en España presenta un importante crecemento de emprego en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, ao aumentar un 3,3%, oito décimas máis que no mesmo trimestre do ano anterior. Da mesma maneira, o número de horas traballadas en España medra un 2,5%, cando no ano anterior o fixera un 1,3%.

Por un lado, a produtividade aparente real volve a incrementarse no terceiro trimestre do ano, sendo este crecemento máis intenso no caso da

Produtividade aparente do factor traballo no III trimestre 2025. Taxas de variación interanual

Horas efectivamente traballadas

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	2,2%	1,0%	1,2%	2,8%	2,5%	0,3%
Sector primario	-0,4%	-4,3%	3,9%	-2,1%	-1,6%	-0,5%
Industria	3,3%	0,7%	2,6%	3,0%	5,4%	-2,4%
Industria manufactureira	3,2%	0,5%	2,7%	2,8%	4,3%	-1,5%
Construción	7,6%	2,6%	5,0%	6,9%	4,3%	2,6%
Servizos	2,1%	1,6%	%	3,1%	2,1%	1,0%

Postos de traballo equivalente a tempo completo

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	22%	1,4%	0,8%	2,8%	3,3%	0,5%
Sector primario	-0,4%	-6,3%	5,9%	-2,1%	0,7%	-2,8%
Industria	3,3%	1,4%	1,9%	3,0%	5,7%	-2,7%
Industria manufactureira	3,2%	1,5%	1,7%	2,8%	4,7%	-1,9%
Construción	7,6%	1,6%	6,0%	6,9%	5,1%	1,8%
Servizos	2,1%	2,1%	0,0%	3,1%	3,0%	0,1%


Fonte: IGE e INE

produtividade por hora traballada, cunha medra interanual do 1,2% (2,4% no ano precedente). En termos de postos de traballo equivalente a tempo completo este incremento interanual foi do 0,8% fronte ao 1% no caso dos postos de traballo (1,8% e 2,2% no ano anterior). En termos nominais, a produtividade aparente presenta un incremento do 3,4% en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo e do 3,8% se se mide en relación ao número de horas, porcentaxes inferiores aos rexistrados no ano anterior (4,6%

e 5,2%, respectivamente).

No concernente aos Custos Laborais Unitarios, os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais reflicten a tendencia descendente do CLUR, tanto en termos de postos de traballo como de horas traballadas. En concreto, no segundo trimestre de 2025 esa redución é do 0,7% no caso das horas traballadas e do 0,5% no caso dos postos de traballo respecto ao ano anterior, sendo esta caída do 0,3% en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo.

Evolución do Custo Laboral Unitario real 2020-2025 (base 2020 = 100)



Fonte: IGE

COMPETITIVIDADE REXIONAL 2024. ANÁLISE COMPARADA

Ao longo do ano 2024 a competitividade estrutural promedio das 17 CC.AA. aumentou un 2% respecto ao ano anterior, “evidenciando unha progresiva desaceleración no seu ritmo de crecemento”. O valor do Índice de Competitividade Rexional (ICERG) promedio reflicte que Galicia presenta unha medra da competitividade do 1,5% en relación á primeira estimación do ano anterior, medio punto inferior á estimada para o conxunto da economía española, situándose o seu valor en 9,37.

Os distintos indicadores seleccionados na elaboración do Índice anual de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas, que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económico, mercado de traballo, capital humano, entorno institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permiten identificar os factores determinantes para a competitividade e proporciona información sobre as claves para a súa mellora. Tal e como se


aprecia no primeiro mapa, a Comunidade de Madrid, xunto con Navarra, que se sitúa en segundo lugar, e o País Vasco seguen a conformar o grupo competitivo relativo alto, consolidándose a composición do denominado “triángulo competitivo”, formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid. Pola súa banda, no grupo de comunidades cun nivel medio-baixo Galicia e A Ríoxa suben unha posición, que perden Aragón e Castela e León. En 2024 Galicia ascende ata a sétima posición.

O informe sinala que nun contexto de recobrada confianza e de favorables expectativas de crecemento, non exentas de incertezas, Andalucía, Extremadura e Navarra son as CCAA onde o crecemento do ICREG foi máis intenso en

2024, manténdose Galicia entre aquelas con crecemento en torno á media estatal. Por contra, o índice correspondente Canarias, Baleares e Cantabria reflicte un descenso en relación á media.


A pesar de que Galicia presenta un nivel de competitividade relativo medio baixo, o entorno institucional (eixo 4) volve a rexistrar un nivel alto en contraposición novamente co acontecido coas infraestruturas básicas (eixo 5) e a eficiencia empresarial (eixo 6). En termos dinámicos, Galicia presenta un crecemento similar á media española, se ben é superior nos eixos relativos ás infraestruturas básicas (eixo 5) e entorno institucional (eixo 4); presentando un descenso o eixo correspondente á innovación (eixo 7).

Comunidades Autónomas segundo o seu nivel competitivo, 2024



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2025

Comunidades Autónomas segundo o seu nivel competitivo, 2024



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2025

Nivel competitivo de Galicia 2024 e evolución 2023-24.
Distribución segundo eixos

	Ráncing	Nivel competitivo	Dinamismo relativo
Eixo 1.- Entorno económico	9	MEDIO BAIXO	NA MEDIA
Eixo 2.- Mercado de traballo	10	MEDIO ALTO	SEN CAMBIOS
Eixo 3.- Capital humano	7	MEDIO ALTO	SEN CAMBIOS
Eixo 4.- Entorno institucional	4	ALTO	SUPERIOR Á MEDIA
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	14	BAIXO	SUPERIOR Á MEDIA
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	15	BAIXO	SEN CAMBIOS
Eixo 7.- Innovación	6	MEDIO BAIXO	DESCENSO
Galicia	7	MEDIO BAIXO	NA MEDIA

Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2025

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á variación do PIB en volume (eixo 1); emprego involuntario a tempo parcial (eixo 2); adultos en formación (eixo 3); desigualdade S80/S20 e débeda (eixo 4); accesos instalados e parque de vehículos eco-

lóricos (eixo 5); dinamismo empresarial (eixo 6); e patentes (eixo 7). Pola contra, entre as contribucións máis negativas menciona o coeficiente de apertura externa (eixo 1); a taxa de paro xuvenil e ninis (eixo 2); variación do CLU (eixo 6) e investigadores (eixo 7).



O MERCADO DE TRABALLO NO III TRIMESTRE DE 2025. MANTENSE A TENDENCIA GLOBAL POSITIVA

A pesar da ralentización do ritmo de crecemento da actividade económica o mercado de traballo galego mantén a súa tendencia global positiva. No último trimestre mellora a participación das persoas no mercado laboral (taxa de actividade) e na ocupación (taxa de emprego), destacando ademais o descenso da taxa de desemprego, así como a mellora da calidade do emprego atendendo á redución da temporalidade.

O balance global positivo viría determinado polo feito de que o emprego creado é emprego indefinido, destacando ademais o incremento da poboación activa e ocupada feminina. No último trimestre tan só o sector servizos presenta unha medra da ocupación, reducíndose o emprego nos outros tres grandes sectores, especialmente na construción. No último trimestre, a creación de emprego estímase tanto no emprego por conta propia como allea, existindo importantes diferenzas entre homes e mulleres, ao aumentar o emprego asalariado entre as mulleres e o emprego por conta propia entre os homes. No que ao desemprego se refire, salienta a redución nun 8,8% da poboación parada estimada pola EPA, sendo esta máis acusada no caso das persoas que levan máis dun ano nesa situación (-14,8%).

Con todo, estes datos teñen de ser matizados unha vez máis tendo en conta non só que Galicia é unha das CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, senón tamén que o mercado laboral no conxunto de España presenta un maior dinamismo que en Galicia.

O mercado de traballo galego mantén a súa tendencia global positiva atendendo á evolución dos indicadores básicos do mercado laboral: taxas de actividade, ocupación e paro e taxa de temporalidade. Así, a taxa de actividade presenta o mellor resultado dende o ano 2017 e as taxas de ocupación e desemprego son as mellores dende o ano 2009. Con todo, Galicia mantense entre as Comunidades autónomas coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, situándose nunha posición intermedia no que á taxa

de paro se refire. Por contra, hai que resaltar que Galicia se mantén como a cuarta C.A. coa taxa de temporalidade máis reducida tras Madrid, Cataluña e A Rioxa.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos sitúase no terceiro trimestre no 53,8%, dúas décimas máis que no ano precedente, manténdose cinco puntos e medio por baixo do estimado no conxunto do Estado (59,3%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a C.A. coa taxa máis reducida tras Asturias (52,5%). A taxa de actividade

feminina é notablemente inferior á masculina, con valores do 51,2% e 56,7%, respectivamente, reducíndose significativamente o diferencial ata os 5,5 puntos porcentuais (7,9 no ano anterior). No conxunto do España o diferencial mantense por riba do existente en Galicia (9,4 puntos), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,7% e a masculina ata o 64,1%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos sitúase en Galicia no 49,5%, seis décimas superior á do ano anterior, manténdose o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,6 puntos (en España ascende ata o 53,1%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (47,7%), Extremadura (48,0%) e Andalucía (49,0%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 52,7% fronte ao 46,6% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 6,1 puntos, fronte aos máis de dez puntos en España (58,4% e 48,1%, respectivamente).

A taxa de paro galega ascende no último trimestre ata o 8%, oito décimas inferior á estimada no ano anterior, o que a sitúa a Galicia nunha posición intermedia respecto ao resto das Comunidades autónomas lonxe do rexistrado en Baleares (5,8%), País Vasco (7,0%) ou Navarra (7,3%). No conxunto de España a taxa de desemprego descende ata o 10,5%, sete décimas menos que no ano anterior. Tras esta evolución, o diferencial entre as

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade III trimestre 2025

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,8%	59,3%	Baleares (66,7%) Madrid (62,9%) Cataluña (62,2%) Murcia (60,8%)	Asturias (52,5%) Galicia (53,8%) Castela e León (55,0%) Extremadura (55,6%)
Taxa de ocupación	49,5%	53,1%	Baleares (62,9%) Madrid (57,8%) Cataluña (57,1%) A Rioxa (55,1%)	Asturias (47,7%) Extremadura (48,0%) Andalucía (49,0%) Galicia (49,5%)
Taxa de paro	8,0%	10,5%	Baleares (5,8%) País Vasco (7,0%) Navarra (7,3%) Cantabria (7,6%)	Andalucía (15,3%) Canarias (14,6%) Extremadura (13,6%) Murcia (12,9%)
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	20,9%	25,4%	Baleares (15,0%) Navarra (17,1%) Cantabria (17,6%) Cataluña (20,7%) Galicia (20,9%)	Canarias (33,4%) Extremadura (33,1%) Andalucía (30,7%) Asturias (30,3%)
Taxa de temporalidade	14,6%	15,6%	Madrid (11,4%) Cataluña (11,8%) A Rioxa (14,6%) Galicia (14,6%)	Extremadura (22,4%) Andalucía (20,1%) Murcia (19,7%) Navarra (18,7%)

Fonte: INE

taxas de Galicia e España sitúase en 2,5 puntos porcentuais, o que supón unha décima máis que no mesmo período do ano anterior. A diferenza do acontecido no trimestre anterior, a taxa de paro feminina en Galicia é superior á estimada entre os homes, situándose no terceiro trimestre do ano no 9% e 7%, respectivamente. No conxunto de España, a taxa de paro feminina ascende ata o 12,1% fronte ao 9,0% entre os homes.

POBOACIÓN ACTIVA

O número de persoas activas no terceiro trimestre do ano ascende a 1.282.000 persoas, 10.100 máis que no ano precedente, o que supón unha medra interanual do 0,8%, case un punto menos que á estimada no conxunto de España (1,7%). Ao igual que o acontecido no primeiro e segundo trimestre de 2025, o devandito incremento ven motivado tan só polo

comportamento das mulleres, con 19.800 persoas activas máis que no mesmo período do ano precedente (3,2%), o que contrasta co descenso en 9.600 persoas no caso dos homes (-1,5%). No conxunto de España a poboación activa medra en ambos os dous casos dende o segundo trimestre de 2021, aumentando en maior medida entre as mulleres que entre os homes, situándose as taxas de variación interanual no 2,3% e 1,2%, respectivamente.

Xunto ao desigual comportamento da poboación activa entre mulleres e homes, cómpre mencionar que o devandito incremento da poboación activa estímase entre as persoas de nacionalidade estranxeira, cunha medra interanual do 3,2% (19.800 mulleres máis), permanecendo constante no caso da poboación española. Asemade, cómpre mencionar o incremento do número de activos entre aquelas persoas con estudos da ESO segunda etapa rema-

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2023-2025

miles de persoas	2023	2024	2024				2025		
			I	II	III	IV	I	II	II
Poboación maior de 16 anos	2.358,8	2.372,0	2.368,0	2.368,1	2.373,5	2.378,5	2.381,0	2.385,0	2.384,1
Poboación activa	1.250,0	1.262,3	1.259,3	1.255,4	1.271,9	1.262,7	1.261,1	1.271,6	1.282,0
25 - 34 anos	211,3	212,4	213,3	211,0	211,4	213,9	211,1	216,6	218,8
Poboación ocupada	1.128,5	1.144,0	1.127,7	1.135,6	1.159,4	1.153,3	1.150,1	1.165,5	1.179,5
Conta propia	210,0	208,8	208,5	212,6	210,6	203,5	208,9	205,2	217,6
Conta allea	918,5	934,8	919,2	923,0	948,8	948,2	940,1	959,3	960,4
Outra situación	0,1	0,4	-	-	-	1,6	1,1	1,0	1,5
Poboación parada	121,4	118,3	131,6	119,8	112,5	109,4	111,0	106,1	102,6
Parado longa duración	42,8	39,5	43,1	40,4	35,6	38,8	33,2	33,9	
Poboación inactiva	1.108,8	1.109,7	1.108,7	1.112,7	1.101,6	1.115,8	1.119,9	1.113,4	1.102,1
Taxa de actividade	53,0%	53,2%	53,2%	53,0%	53,6%	53,1%	53,0%	53,3%	53,8%
Taxa de ocupación	47,8%	48,2%	47,6%	48,0%	48,8%	48,5%	48,3%	48,9%	49,5%
Taxa de paro	9,7%	9,4%	10,5%	9,5%	8,8%	8,7%	8,8%	8,3%	8,0%
Taxa de temporalidade	16,7%	15,9%	15,3%	15,2%	17,3%	15,9%	13,7%	14,1%	14,6%
Afiliacións (media trimestral)	1.055,1	1.072,9	1.055,0	1.075,9	1.085,7	1.075,1	1.070,8	1.093,8	1.105,0
Paro rexistrado (media trimestral)	1.345,0	123,1	130,2	122,1	119,24	120,9	120,5	111,5	110,2

Fonte: IGE

tados (18.000 persoas máis; 5,7%), persoas maiores de 55 anos (9.000 persoas máis; 3,1%) e entre as que teñen de 25 a 34 anos (3,5%; 7.400 persoas).

Fronte a ese incremento, a poboación activa descende de xeito moi significativo


entre aqueles con estudos de educación secundaria obrigatoria, primeira etapa (14.300 persoas menos que no terceiro trimestre do ano anterior; -4,2%) e entre os que teñen unha idade comprendida entre 35 e 44 anos (13.100 persoas menos;

Poboación activa, ocupada e parada 2022-25: distribución segundo sexos

Poboación activa total




Poboación activa. Homes e mulleres




Poboación ocupada total




Poboación ocupada. Homes e mulleres



Poboación parada total




Poboación parada. Homes e mulleres



Fonte: IGE.

Poboación activa III trimestre de 2025. Variación interanual



Fonte: IGE.

-4,3%).

OCUPACIÓN

A importante ralentización da economía galega no terceiro trimestre, cunha medra interanual do 2,2%, un punto menos que o ano anterior, non se reflicte no mercado de traballo tendo en conta o ritmo de crecemento dos catro indicadores da ocupación considerados, que manteñen taxas de crecemento iguais ou superiores ás rexistradas na mesma data do ano precedente. Dunha banda, as afiliacións aumentan un 1,8% e a poboación ocupada un 1,7%, o que supón tres décimas máis que no terceiro trimestre do ano anterior. Doutra banda, as contas económicas reflicten que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medran un 1,4%, mesma porcentaxe que no ano precedente; mentres que o número de horas traballadas o fixo nun 1% (0,8% en

2024). Ao igual que en anos anteriores, o mercado laboral en España presenta un mellor comportamento que en Galicia, aumentando os postos de traballo equivalente a tempo completo un 3,3%; a poboación ocupada un 2,6%; o número de horas traballadas un 2,5%; e as afiliacións un 2,3%.

No concernente ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia, no terceiro trimestre ascende a 1.105.022, o que supón en torno ás 19.300 afiliacións máis que no ano anterior. En termos relativos as afiliacións medran en Galicia un 1,8%, cinco décimas por baixo do rexistrado en España. Tanto en Galicia como no conxunto do Estado este incremento interanual afecta en maior medida ao emprego masculino a diferenza do acontecido no terceiro trimestre do ano anterior; en concreto, na Comunidade autónoma a taxa de variación interanual no 1,8% (10.017 afiliacións

máis) fronte ao 1,7% entre as mulleres (9.309 afiliacións). Esta medra é máis intensa en España en ambos os dous casos: 2,3% e 2,2%, respectivamente.

No que se refire á análise da poboación ocupada, o emprego medrou en Galicia en 20.100 persoas, ascendendo o número de persoas ocupadas ata as 1.179.500 persoas. En termos relativos o incremento foi do 1,7%, tres décimas máis que o estimado no mesmo período do ano precedente (1,4%). O devandito incremento prodúcese fundamentalmente entre as mulleres, aumentando a ocupación en 19.000 persoas (3,4%), fronte ao incremento en 1.000 persoas ocupadas entre os homes (0,2%). Se ben o mercado laboral español presenta un mellor comportamento que o galego, a ocupación feminina presenta en Galicia un maior dinamismo ao medrar un 3,4% fronte ao 2,9% no conxunto do Estado, o que contrasta cunha medra da ocupación entre os homes do 2,3% en España fronte á devandita medra de tan só un 0,2% en Galicia.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, xunto ao devandito balance global positivo atendendo á mellora dos devanditos indicadores do mercado laboral, cómpre mencionar que todo o emprego creado é emprego indefinido, manténdose Galicia entre as CC.AA. con menor taxa de temporalidade. A creación de emprego ven motivado tan só polo comportamento do sector servizos, reducíndose a ocupación nos outros tres grandes sectores, especialmente no ámbito da construción. Asemade, o mercado de traballo galego presenta novamente un menor dinamismo

que no conxunto do Estado así como moi reducidas taxas de actividade e ocupación.

Atendendo ao niveis formativo das persoas ocupadas, a creación de emprego céntrase nas persoas con niveis de estudos máis elevados, reducíndose a ocupación tanto no caso daquelas persoas con estudos primarios rematados (-14,6%; 4.700 persoas menos) como coa ESO, primeira etapa (-3,4%; 10.300 menos). Por contra, o emprego aumenta en 17.900 persoas entre aquelas coa segunda etapa da ESO, orientación xeral (13,1%), ou en 7.400 persoas entre os que posúen estudos superiores (1,4%). No que atinxe aos grupos de idade, salienta o incremento da ocupación experimentado entre os maiores de 55 anos (5%; 13.400 persoas ocupadas máis) impulsado pola evolución entre as mulleres, con 8.900 ocupadas máis (6,8%); así como entre aquelas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, con 10.300 persoas ocupadas máis (5,5%). Fronte a este incremento, descende a ocupación en 10.900 persoas entre aquelas que teñen unha idade comprendida entre 35 e 44 anos (-3,8%).

Atendendo á situación profesional das persoas ocupadas, a creación de emprego en Galicia rexístrase tanto na ocupación por conta propia como por conta allea, se ben existen significativas diferenzas no que á evolución entre homes e mulleres se refire. Isto contrasta co comportamento no conxunto de España onde o emprego feminino aumenta en maior medida que o estimado entre os homes tanto no que se refire ao emprego asalariado como por conta allea.

Poboación ocupada en Galicia III trimestre 2025: distribución segundo situación profesional, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia/España			Galicia/España (taxa de variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.159,4	597,7	561,7	1.179,5	598,7	580,7	1,7%	0,2%	3,4%
Sector Primario	74,8	46,6	28,2	66,5	43,4	23,1	11,1%	-6,9%	-18,1%
Industria	190,9	135,4	55,5	189,8	131,6	58,3	-0,6%	-2,8%	5,0%
Ind. extractivas; Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	17,8	13,4	4,4	17,7	12,8	4,9	-0,6%	-4,5%	11,4%
Industria manufacturera	173,1	122,0	51,1	172,1	118,7	53,4	-0,6%	-2,7%	4,5%
Construción	83,1	76,5	6,6	71,9	62,2	9,7	-13,5%	-18,7%	47,0%
Servizos	810,6	339,3	471,5	851,4	361,6	489,8	5,0%	6,6%	3,9%
Comercio por xunto e ao retalho; reparación vehículos de motor e motocicletas; Transporte e almacenamento; Hostalaría	309,9	155,1	154,8	331,3	172,9	158,4	6,9%	11,5%	2,3%
Información e comunicacións	36,7	26,3	10,4	31,3	23,6	7,7	-14,7%	-10,3%	-26,0%
Actividades financeiras e de seguros	18,8	9,7	9,1	14,1	3,7	10,4	-25,0%	-61,9%	14,3%
Actividades inmobiliarias	6,8	1,3	5,6	4,8	1,3	3,5	-29,4%	0,0%	-37,5%
Actividades profesionais; científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares	109,4	47,5	62,0	118,9	53,2	65,7	8,7%	12,0%	6,0%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria; Educación;									
Actividades sanitarias e de servizos sociais	250,4	76,8	173,6	272,0	87,4	184,6	8,6%	13,8%	6,3%
Activ. artísticas, recreativas e de entretemento; fogares como empregadores domésticos e como produtores de bens e servizos para uso propio; activ. de organizacións e organismos extrateritoriais; outros servizos	78,6	22,6	56,0	79,0	19,5	59,5	0,5%	-13,7%	6,3%

(1) Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado

Fonte: INE, EPA

No concernente ao emprego por conta propia, Galicia presenta no terceiro trimestre do ano un incremento do 3,3% do número de persoas ocupadas (7.000 persoas máis), resultado dunha medra do 8,6% entre os homes (10.300 persoas menos) fronte á redución dun 3,7% entre as mulleres (-3.300 ocupadas menos). O devandito crecemento estímase tanto entre as persoas empresarias empregadoras como entre as que non teñen asalariados, así como entre os membros de cooperati-

vas e entre as que axudan na empresa ou negocio familiar, se ben hai que salientar a desigual evolución entre homes e mulleres. Entre estas cómpre mencionar en primeiro lugar unha significativa medra do número de mulleres empresarias empregadoras, cun incremento interanual do 16,7% (4.100 mulleres ocupadas máis), o que contrasta coa redución dun 1,5% entre os homes (600 ocupados menos). Fronte a este comportamento, entre as persoas empresarias sen asalariados a ocupación

feminina redúcese un 13,2% (8.400 mulleres ocupadas menos) o que contrasta coa medra dun 11,9% entre os homes (9.500 ocupados máis). Isto contrasta co acontecido no conxunto do Estado, onde o emprego aumenta tanto entre homes como entre as mulleres, rexistrándose con maior intensidade entre as mulleres.

No que atinxe ao emprego asalariado, a ocupación aumenta en Galicia un 1,2% (11.600 persoas ocupadas máis) por mor do comportamento do emprego feminino, que aumenta un 4,4% respecto ao ano anterior (20.900 mulleres ocupadas máis) fronte ao descenso do 1,9% entre os homes (9.300 ocupados menos). Esta desigual evolución ven motivada fundamentalmente polo comportamento do emprego no sector privado, onde a ocupación entre as mulleres aumenta un 4,7% (16.500 persoas máis) reducíndose por contra o emprego entre os homes un 3,5% (14.000 persoas ocupadas menos). No concernente ao sector público, Galicia presenta unha medra da ocupación do 6,4% entre os homes (4.700 persoas) así como do 3,8% entre as mulleres (4.500 persoas máis). Por contra, o mercado laboral español presenta un descenso interanual do emprego asalariado no sector público (-0,2%), por mor do descenso da ocupación nun 2,6% entre os homes, aumentando por contra un 3,0% no sector privado.

No que atinxe á distribución sectorial, o incremento da poboación ocupada ven explicado polo comportamento do sector servizos, reducíndose a ocupación nos outros tres sectores produtivos. Dunha banda, o sector servizos presenta unha medra do 5%, o que supón 40.800 per-

soas máis, impulsado fundamentalmente pola creación de emprego nas actividades de “Comercio por xunto e ao retalho; reparación vehículos de motor e motocicletas; Transporte e almacenamento; Hostalaría”, cunha medra interanual de 21.400 persoas ocupadas (6,9%) e nas correspondente á “Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais”, con 21.600 persoas ocupadas máis (8,6%). Doutra banda, o sector que presenta un peor comportamento é o da construción, cunha destrución de emprego do 13,5% (11.200 persoas ocupadas máis), por diante do sector primario, que perde un total de 8.300 persoas (11,1%). A actividade industrial perde un total de 1.100 empregos (-0,6%), dos que 1.000 corresponden á industria manufactureira (-0,6%).

Tras esta evolución, o sector servizos concentra o 72,2% da poboación ocupada en Galicia (851.400 persoas), representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,6% (172.100 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 6,1% da poboación ocupada total en Galicia (71.900 persoas) e as actividades do sector primario o 5,6% (66.500 persoas). No ámbito do sector servizos o conxunto de actividades que concentran o maior número de ocupados é a do “Comercio por xunto e ao retalho; reparación vehículos de motor e motocicletas; Transporte e almacenamento; Hostalaría”, cun 28,1% da poboación ocupada, por diante das actividades englobadas en “Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais”, cun 23,1%.

Se se compara esta estrutura coa existente no mesmo trimestre de 2019, cómpre resaltar o desigual comportamento entre sectores ou ramas de actividade. Dunha banda cómpre mencionar o incremento do peso relativo das actividades de “Comercio por xunto e ao retallo; reparación vehículos de motor e motocicletas; Transporte e almacenamento; Hostalaría” e “Actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares” (oito décimas); doutra banda, a importancia relativa da industria manufacturera redúcese en oito décimas, ao igual que no caso das “actividades artísticas, recreativas e de entretemento; fo-

gares como empregadores domésticos e como produtores de bens e servizos para uso propio; actividades de organizacións e organismos extraterritoriais; outros servizos”, en tanto que no caso do sector primario e a construción o descenso é de seis décimas.

Calidade do emprego


No terceiro trimestre do ano todo o emprego por conta allea creado, tanto en Galicia como en España, é emprego indefinido. No terceiro trimestre do ano Galicia presenta unha medra interanual do 4,6% das persoas asalariadas con contrato in-

Poboación ocupada III trimestre de 2025: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	2025 (en miles de persoas)			25/24 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.179,5	598,7	580,7	1,7	0,2	3,4
Situación profesional						
Traballadores por conta propia	217,6	130,6	87,0	3,3	8,6	-3,7
Empregador	66,9	38,2	28,7	5,5	-1,5	16,7
Empresarios sen asalariados	144,8	89,5	55,3	0,8	11,9	-13,2
Membros cooperativas	1,7	0,6	1,1	240,0	100,0	450,0
Axuda na empresa ou negocio familiar	4,2	2,3	1,9	44,8	109,1	5,6
Asalariados	960,4	468,1	492,3	1,2	-1,9	4,4
Sector público	201,6	77,9	123,7	4,8	6,4	3,8
Sector privado	758,8	390,3	368,6	0,3	-3,5	4,7
Outra situación	1,5		1,5			
Grupos de idade						
16-19 anos	7,0	4,1	2,9	4,1	-14,6	16,0
20-24 anos	50,4	25,4	24,9	5,7	-3,1	15,3
25-34 anos	197,4	98,1	99,3	5,5	3,3	7,8
35-44 anos	275,9	141,9	134,0	-3,8	-4,1	-3,5
45-54 anos	367,4	188,0	179,4	1,4	0,4	2,3
55 e máis anos	281,4	141,2	140,2	5,0	3,3	6,8
Nivel de formación acadado (1)						
Analfabetos e Estudos primarios incompletos	7,5	5,7	1,9			
Educación primaria	27,4	14,9	12,5	-14,6	-28,0	9,6
Ed. secundaria. Primeira etapa ou similar	289,3	174,8	114,5	-3,4	-3,6	-3,1
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación xeral	154,4	78,1	76,3	13,1	10,8	15,6
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación profesional	152,2	84,2	68,1	2,8	-3,4	11,6
Educación superior	548,7	241,1	307,6	1,4	1,6	1,2

Fonte: IGE

Estrutura da ocupación en Galicia III trimestre de 2019 e 2025. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



Fonte: IGE

definido (36.000 persoas) e un descenso do 14,8% entre aquelas persoas con contrato temporal (-24.400 persoas). No conxunto do Estado, o emprego asalariado con contrato indefinido medra un 3,4%

respecto ao ano anterior, descendendo un 2,7% o emprego temporal.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no terceiro trimestre do ano o emprego indefinido medra en Galicia

tanto entre os homes como en maior medida entre as mulleres. En concreto, o emprego indefinido medra no primeiro caso un 0,3% respecto ao ano anterior (1.300 persoas), aumentando un 9,4% entre as mulleres (34.700 persoas). No conxunto de España o emprego indefinido presenta un crecemento en ambos os dous casos, situándose as taxas de variación interanual no 4,1% entre as mulleres e no 2,8% entre os homes. No concernente ao emprego temporal, o descenso en Galicia prodúcese tanto entre os homes como entre as mulleres; en concreto, o emprego temporal redúcese un 16,4% entre os homes (10.500 persoas menos), porcentaxe que se sitúa no 13,7% entre as mulleres (13.800 persoas). O mercado laboral en España presenta unha caída dos contratos temporais entre as mulleres do 4,3% fronte ao 1% entre os homes.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 14,6%, un punto inferior á rexistrada no conxunto de España (15,6%), porcentaxe que sitúa a Galicia como a terceira C.A. coa taxa máis reducida tras Madrid e Cataluña. Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é sensiblemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa en Galicia no 17,6% fronte ao 11,4% no caso dos homes. Do mesmo xeito, no conxunto de España a temporalidade oscila entre o 17,8% no caso das mulleres e o 13,5% no dos homes. Xunto á devandita caída da temporalidade en relación ao ano anterior, redúcese o diferencial existente, que en Galicia se sitúa en 6,2 puntos fronte aos 7,9 do mesmo trimestre do ano precedente (4,3 e 5,2 en España, respectivamente).

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación tempo-

ral prodúcese en Galicia tanto no ámbito privado, cunha caída interanual do 15,9% (16.400 persoas menos), como no sector público descendendo un 13% (8.000 persoas menos). No conxunto de España o descenso no sector público foi do 5,7%, reducíndose un 1,5% no sector privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público redúcese ata o 26%, máis de catorce puntos e medio por riba do estimado para o sector privado (11,4%), situándose no conxunto do Estado en 27% e 13%, respectivamente.

Por último cómpre facer referencia á ocupación segundo tipo de xornada. Dunha banda, tanto no conxunto de España como en Galicia aumenta o emprego a tempo completo e en maior medida a ocupación a xornada a tempo parcial. En concreto, a emprego a xornada completa medra un 1,4% en Galicia (13.900 persoas máis), aumentando a ocupación a xornada a tempo parcial un 4,3% (6.200 persoas menos). No conxunto do Estado estas taxas de crecemento sitúanse no 2,4% e 3,7%, respectivamente.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no terceiro trimestre do ano o emprego a tempo parcial medra en maior medida entre os homes que entre as mulleres; en concreto, un 12% (4.500 persoas máis) e 1,6% (1.700 persoas), respectivamente. Ao mesmo tempo, o número de persoas ocupadas a xornada a tempo completo prodúcese tan só entre as mulleres, cunha medra do 3,8% (17.400 persoas) o que contrasta co descenso do 0,6% entre os homes (3.500 persoas menos). Tras esta evolución, o 72% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia son mulleres, dous puntos inferior ao estimado no ano anterior; en tanto que no caso do emprego a tempo completo

DESEMPREGO

o seu peso relativo aumenta ata o 45,9% (44,8% no mesmo período de 2024).

A taxa de paro, que mide a relación entre a poboación parada e a poboación activa, descende no último trimestre ata o 8%, oito décimas menos que no ano precedente, o que supón o valor máis reducido dende a crise económica de 2008. Este descenso rexístrase tanto entre os homes como entre as mulleres, salientando o acusado descenso da taxa de desemprego entre os homes, que se sitúa no 7%, 1,6 puntos menos que no terceiro trimestre do ano anterior. A taxa de paro entre as mulleres descende ata o 9%, dúas décimas menos que en 2024. No no conxunto do Estado a taxa de paro feminino descende ata o 12,1%, máis de tres puntos superior á estimada entre os homes (9%).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudos primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego a pesar da súa redución. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos descende no último trimestre ata o 20,9%, (23,7% na mesma data do ano anterior), o que a sitúa como a máis reducida dende o segundo trimestre de 2008. Entre as persoas de 25 a 54 anos ata o 7,4% (7,8% no ano precedente), situándose no 6,8% entre os maiores de 55 anos (8,5% en 2024). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos

rematados, a taxa de paro descende a medida que aumenta o nivel formativo; así, entre as persoas con estudos primarios a taxa de paro descende ata o 13,6% no terceiro trimestre, tres puntos e tres décimas menos que no ano precedente, o que contrasta co 6,2% entre as persoas con estudos superiores (7,1% en 2024). Por último, a taxa de desemprego redúcese significativamente entre as persoas con nacionalidade estranxeira, que se sitúa no 15,3%, case sete puntos inferior á estimada para o terceiro trimestre de 2024 (22%), descendendo ata o 7,3% entre as persoas de nacionalidade española (7,8% no ano precedente).

Xunto ao devandito comportamento cómpre mencionar a redución do paro de longa duración, descenso que se produce con maior intensidade que no conxunto de España. No terceiro trimestre de 2025 un total de 33.400 persoas galegas levan máis dun ano en situación de desemprego, o que supón un 14,8% menos que no ano anterior, porcentaxe que se sitúa en tan só un 12,3% no conxunto do Estado. Tras esta evolución, o 32,5% das persoas en paro levan máis dun ano en procura de emprego, porcentaxe que ascende ata o 34,8% en 2024 (37,3%), situándose esta porcentaxe no 34,4% en España.

Por último, cómpre facer referencia

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2024-2025.

Trimestre	2024				2025		
	I	II	III	IV	I	II	III
<i>(en miles de persoas)</i>							
Poboación parada	131,6	119,8	112,5	109,4	111,0	106,1	102,6
Homes	64,8	58,0	55,9	48,7	52,7	55,9	45,2
Mulleres	66,8	61,8	56,6	60,7	58,2	50,2	57,4
Paro de longa duración	43,1	40,4	35,6	38,8	33,2	33,9	
<i>(Taxa de variación interanual; %)</i>							
Poboación parada	-2,5	2,2	-5,2	-4,8	-15,7	-11,4	-8,8
Homes	1,1	3,2	0,5	-9,5	-18,7	-3,6	-19,1
Mulleres	-5,8	1,3	-10,3	-0,7	-12,9	-18,8	1,4
Paro de longa duración	-9,1	-1,5	-13,0	-7,6	-23,0	-16,1	
<i>(porcentaxe de poboación activa; %)</i>							
Taxa de paro							
Total	10,5	9,5	8,8	8,7	8,8	8,3	8,0
Homes	10,0	8,9	8,6	7,6	8,2	8,6	7,0
Mulleres	10,9	10,2	9,2	9,8	9,4	8,0	9,0
Segundo nivel de estudos							
Estudios primarios	20,5	22,3	16,6	23,6	19,8	22,3	13,6
ESO. 1ª etapa	12,4	11,1	11,3	11,7	12,0	10,7	10,5
ESO. 2ª etapa	11,9	10,3	9,2	9,8	10,0	10,4	7,5
Educación superior	7,6	7,1	6,7	5,6	5,7	5,1	6,2
Segundo grupos de idade							
Menores de 25 anos	28,1	27,2	23,7	24,0	26,0	24,0	20,9
De 25 a 54 anos	9,7	8,9	7,8	7,9	7,9	7,7	7,4
Maiores de 55 anos	9,0	7,5	8,5	7,6	7,9	6,7	6,8
Segundo nacionalidade							
Española	9,4	8,7	7,8	7,9	8,0	7,2	7,3
Estranxeira	23,5	20,4	22,0	17,9	18,8	21,9	15,3

á situación ao número de persoas paradas que traballaran anteriormente e a causa de deixar o último emprego. Os datos da EPA amosan que un total de 95.400 persoas paradas traballaron anteriormente, sendo a finalización do contrato a principal causa do desem-

prego, por diante do despedido ou supresión do posto, incluíndo a regulación do emprego, con 16.300 persoas.

Comparado co ano anterior cómpre destacar a desigual evolución entre homes e mulleres, reducíndose o paro en

7.800 persoas entre os homes fronte ao descenso en 2.300 persoas entre as mulleres. Dunha banda, o descenso entre os homes explícase fundamentalmente pola caída do 28,7% (6.000 homes) no caso da finalización do contrato, aumentando o número de persoas afectadas por un despido ou supresión do posto (800 mulleres

máis; 9,4%). Por contra, entre as mulleres aumenta o número de paradas que traballaron anteriormente en 2.300 persoas (4,4%), influenciado pola medida en 7.100 persoas (31,1%) das persoas que finalizan o seu contrato, reducíndose en 1.600 persoas no caso das mulleres desempregadas por mor do despido ou supresión do posto.



www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

		
		
		
		
		
		
		
	Universidade de Vigo	



//ABANCA

INFORME DE CONXUNTURA SOCIOECONÓMICA

IV / 2025

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE (COORD.)

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA

PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

SANTIAGO LAGO PEÑAS